

## Bases do proceso selectivo para a participación nas mobilidades Erasmus+ para o alumnado do Ciclo de Atención a Persoas en Situación de dependencia

<b>Curso académico</b>	2019-2020	<b>Nivel Formativo</b>	CICLO MEDIO ATENCIÓN A PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA
<b>PROCESO SELECTIVO PARA AS MOBILIDADES ERASMUS+</b>			
<b>Órgano convocante</b>	Comisión de Mobilidades do Programa Erasmus+ do IES Félix Muriel		
<b>BASES PARA A PARTICIPACIÓN no Proxecto Atención á Dependencia en Europa. Traballando para a Inclusión (ADEUI) do Programa Erasmus+ da Acción clave: Mobilidade das persoas por motivos de aprendizaxe (KA1) 2019/2020</b>			
<p>Todo o alumnado matriculado no curso 2018-2019 que rematara 2º do CMAPSD en xuño e que desexa participar no proxecto será seleccionado segundo criterios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade e transparencia tanto nas bases desta convocatoria como no desenvolvemento da selección das candidatas.</p> <p>Para este proceso convócanse 2 mobilidades Erasmus Pro, unha para Bolonia (Italia) e a outra para Oxford (Reino Unido) e unha mobilidade para a realización da FCT en Oxford (Reino Unido).</p> <p>Deberán presentar a solicitude de participación no proceso así como os diferentes documentos na secretaría do centro antes das 14:00 do mércores 4 de Setembro de 2019.</p> <p>O proceso selectivo consistirá na valoración dos seguintes aspectos:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Expediente académico (30%)</li> <li>2. Coñecemento de idiomas (20%)</li> <li>3. Méritos (10%)</li> <li>4. Entrevista persoal (30%)</li> </ol>			
<b>Expediente Académico (máximo 3 puntos)</b>			
<p>Valorarase ata un máximo de 3 puntos calculando a media aritmética das cualificacións obidas nos módulos do Ciclo:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-De 5 a 5,99: 0 puntos.</li> <li>-De 6 a 6,99: 1 puntos.</li> <li>-De 7 a 8,99: 2 puntos.</li> <li>-De 9 a 10: 3 puntos.</li> </ul> <p>Non se terán en conta as cualificacións convalidadas.</p>			
<b>Coñecementos de idiomas (máximo 2 puntos)</b>			
<p>a) Certificados de nivel do idioma do país de destino (ou inglés no seu defecto). Por certificado oficial da Escola Oficial de Idiomas ou equivalente legalmente homologado (ata 2 puntos):</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-A2: 1 punto.</li> <li>-B1: 1,25 puntos.</li> <li>-B2: 1,5 puntos.</li> <li>-C1: 2 puntos.</li> </ul> <p>Non se terán en conta as titulacións de nivel inferior que levaron a conseguir outra de nivel superior.</p> <p>Sen certificado oficial realizarase unha proba de nivel (escrito+oral), e/ou se terá en conta a valoración do profesorado que imparte aulas de inglés ás alumnas.</p> <p>b) Valorarase o coñecementos doutro idioma cun nivel mínimo de A2 e coa acreditación dun certificado oficial, da mesma forma que para o apartado a) ata un máximo dun punto.</p>			
<b>Méritos (máximo 1 punto)</b>			
<p>Valorarase con 0,5 puntos cada título de formación profesional de grado medio diferente ao que lle da acceso á mobilidade ata un máximo de 1 punto, así como aos cursos realizados, asistencia a xornadas, etc.</p>			
<b>Entrevista persoal (máximo 3 puntos)</b>			
<p>Valorarase as habilidades persoais e sociais, o interese, carta de motivación, a iniciativa, etc. das candidatas. Tamén valorarase a acreditación da pertenza a ONG ou á participación en programas de voluntariado.</p>			
PRESIDENTE DA COMISIÓN DE MOBILIDADES			
Asdo: Ramón Manuel Veiga Fernández			
<b>Data</b>	En Rianxo a 29 de Agosto de 2019		



Cofinanciado por el  
programa Erasmus+  
de la Unión Europea



UNIÓN EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO  
El futuro comienza aquí



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



IES FÉLIX MURIEL. RIANXO